

## ANEXO VII

**LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2024/25 (CENTROS XA INTEGRADOS NO PLAMBE)**

<b>Código: 15026455</b>	<b>Centro: IES TERRA DE TRASANCOS</b>
<b>Provincia: A CORUÑA</b>	<b>Localidade: NARÓN</b>

**1. Organización e xestión.**

No curso 2024-2025 seguiremos centrando o noso traballo en dous eixes fundamentais: xestión da biblioteca e atención o máis ampla posible á comunidade educativa.

Concibimos a biblioteca como un espazo de encontro, de descubrimento, debate e aprendizaxe colaborativa. Para este fin traballamos con concursos, destinados a toda a comunidade educativa, que fomentan a lectura, escritura, tratamento da información, uso das TICs e a creatividade. Cada curso tratamos de propoñer concursos atractivos e variados.

Continuaremos co proxecto de expurgo de fondos pois a biblioteca conta cada vez con máis volumes. Seguiremos revisando e mellorando a catalogación dos fondos de acordo coa CDU utilizando o programa MEIGA.

A biblioteca permanecerá aberta durante os recreos para realizar o préstamo e devolución de libros. Pretendemos que o horario de apertura sexa o máximo posible para realizar os traballos de xestión (catalogación, préstamo, devolución), organización de actividades e **utilización da biblioteca como complemento da aula ordinaria**. O profesorado emprega cada vez con máis frecuencia a biblioteca polo que o próximo curso teremos un libro para reservar este espazo naquelas horas que se precise.

**2. Recursos da biblioteca**

O noso obxectivo é poñer a disposición de todos os grupos a biblioteca como espazo creativo de aprendizaxe e traballo colaborativo utilizando os seus fondos e recursos, previa demanda do espazo, dado que as súas características arquitectónicas, disposición e mobiliario, crean un lugar máis motivador que a aula. **Colaboramos coa biblioteca de Narón** enviando por mail unha lista cos libros de lectura obrigatoria para que os teñan nos seus fondos e así o alumnado poidan dispor deles. Facemos préstamo de libros co CPI O Feal.

Seguiremos traballando para potenciar a creatividade e o uso das TICs a través das actividades propostas: talleres de escritura, haikus e poesía, creación de curtas, deseño

de carteis para recomendar lecturas, concursos nos que as linguas son as protagonistas... sendo sempre o libro e a lectura o punto de partida das creacións.

### 3. Formación de persoas usuarias

Iniciamos o mes de setembro cun labor de difusión con carteis, redes sociais e directamente nas aulas na hora de titoría dirixido ao alumnado, especialmente de 1º ESO, 1º FPB, 1º CICLOS e alumnado novo no centro, entregando un carné de biblioteca que deben presentar para o préstamo de libros. Tamén lles mostraremos a biblioteca. Explicaremos como se solicita un préstamo, onde atopar os libros que lles interesan, o uso dos ordenadores, os xogos que poden usar no seu tempo de lecer... Do mesmo xeito organizaremos unhas xornadas para o profesorado de nova incorporación. O próximo curso seguiremos dando a coñecer a plataforma **ELBE-2** que está na páxina de inicio dos ordenadores da biblioteca. Na Aula Virtual están publicadas as **normas da biblioteca** e unha **guía de usuario**.

Faremos fincapé na competencia dixital como unha das competencias clave e transversal para a educación. Como medios físicos dispoñemos de seis ordenadores con **acceso a internet** no espazo da biblioteca co fin de que se utilice para os traballos dos currículos e punto de acceso a lecturas, vídeos e contidos da rede.

Co fin de contribuír ao desenvolvemento das capacidades que melloran as habilidades e actitudes relacionadas co uso da información nos procesos de busca, tratamento e difusión, a biblioteca comprométese a ofrecer ao profesorado e alumnado información e colaboración en programas formativos en habilidades e estratexias para aprender a informarse dun xeito ético e non manipulado. Traballaremos tamén estratexias que lle permitan ao alumnado coidar a seguridade da información e datos persoais no acceso ás redes e cumprir cos requisitos de respecto á propiedade intelectual.

Como medios humanos, ademais do equipo da biblioteca contamos co apoio do profesorado e do equipo directivo do centro.

### 4. Fomento da lectura

Procuraremos que a biblioteca sexa un espazo agradable e diverso dedicado ao logro da alfabetización múltiple do alumnado e co obxectivo de axudalo a desenvolver as súas capacidades creativas, investigadoras, de exploración lectora. Achegar a biblioteca a toda a comunidade educativa e conseguir a súa implicación pasa por dar visibilidade dos seus recursos a través dos mecanismos xa utilizados no curso anterior e con moi bos resultados, polo que lles daremos continuidade.

Seguiremos co noso labor de implicación do alumnado e profesorado coa dinamización de diferentes actividades convocadas ao longo dos trimestres

establecidas no marco da biblioteca de xeito que a comunidade educativa ten coñecemento delas para poder organizar a súa participación (individual ou en grupo).

Ademais, é importante colaborar coas actividades interdisciplinarias e celebracións do centro así como as organizadas por dirección, vicedirección, equipo de ENDL, Correspondentes Xuvenís, *actividades de Fomento do uso do Galego*.

Coidamos que debemos facer un esforzo en traballar a competencia literaria, ademais das competencias que temos no currículo, a través do Plan Anual de Lectura aumentando gradualmente a complexidade na selección das obras de lectura. O noso Proxecto Lector, renovado no curso 2023-2024, desenvólvese coa lectura diaria durante vinte minutos das obras que propón cada departamento e que actualizaremos no inicio de curso; estas lecturas están a disposición dos departamentos e alumnado na biblioteca. Para o próximo curso temos intención de crear itinerarios lectores. O nosos clubs de lectura teñen un papel crucial no fomento da lectura en diferentes modalidades como teatro, lectura dramatizada en inglés...

Por outra banda a escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información trabállanse coas actividades xa programadas e outras que poidan xurdir presentadas polo equipo de biblioteca. As actividades fixas son a celebración do Día das Bibliotecas con *contacontos*, Samaín, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, Circuito Matemático, 14 de febreiro (mes da amizade), concurso *Pasapalabra* (en colaboración con ENDL), mes do cine (en colaboración co departamento de Música), Taller de escritura creativa, Día do Libro, Día das Letras Galegas (concurso *Saber e Gañar* en colaboración con ENDL). Con todas estas actividades promovemos o hábito lector, a competencia literaria, o uso das TICs e o tratamento e produción da información xa que os concursos requiren creatividade e habilidades moi variadas que se van cambiando para que toda a comunidade educativa poda participar en algunha delas (lectura, vídeos, fotografía, escritura creativa, concursos, manexo de aplicacións... ). **Novidade:** celebración do Día da Música en colaboración co departamento de Música.

## 5. Biblioteca inclusiva

Unha das prioridades da nosa biblioteca é acoller e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e cada curso procuramos engadir novas medidas de inclusión. O noso Club de Lectura, en cada unha das súas modalidades, e a biblioteca, solicitando a colaboración de voluntarios, acollen a todo o alumnado que o desexe durante os recreos coa pretensión de que todos atopen un lugar no que sentirse cómodos e eficientes. O labor dos voluntarios é moi valioso facendo préstamo de libros, axudando a manter a orde, colaborando na divulgación das actividades e na decoración para celebrar as efemérides.

Contamos con literatura de lecer (cómic, libro ilustrado, literatura xuvenil...), xogos de diferentes temáticas, xadrez...

Creamos un **Recanto de lectura** no vestíbulo cuns sofás e mesa (mercados coa partida para mobiliario PLAMBE 2023-2024) para que o alumnado poida sentarse a ler nun espazo máis informal.

Sempre temos en conta para a organización de actividades e a compra de libros as necesidades educativas especiais do noso alumnado.

## 6. Outras actuacións.

- Gustaríanos dar continuidade ao Club de Teatro para poder representar a obra *Píramo e Tisbe* que o alumnado estivo preparando durante o curso 2023-2024; a profesora encargada trasládase de centro.
- Elaborar cada curso unha lista de lecturas recomendadas para o verán.
- Continuar co **proxecto interdisciplinar Pedalear e ler o Camiño de Santiago**, iniciado no curso 2023-2024, que acolle a biblioteca durante os recreos e que tamén poden desenvolver outros profesores nas súas clases.

## 7. Avaliación

Os criterios de avaliación estarán baseados nos obxectivos propostos e serán avaliados nunha rúbrica de avaliación cuns indicadores de logro (alto-medio-baixo) extraídos dunha rúbrica con diferentes *items* despois de examinar os blogs, enquisas e suxestións.

Procedementos:

- Reunión semanal do Equipo da Biblioteca para valorar o cumprimento dos obxectivos marcados.
- Formularios google para evitar o desperdicio de papel e o espazo na Aula Virtual da biblioteca para atender as suxestións dos usuarios.

## 8. Recursos humanos

O equipo de apoio da biblioteca está formado por Icíá Álvarez Rodríguez, profesora de Matemáticas e coordinadora ENDL, María Belén García Mouriz, Xefa de departamento e profesora de Lingua Castelá e Mercedes Santalla Felgueiras, Xefa de departamento e profesora de Latín, como responsable. O horario previsto será o máximo, como se indicou *supra*, dependendo da dispoñibilidade horaria do centro.

En Narón a 1 de xullo de 2024

A directora

A coordinadora

Asdo.: Graciela Galdo Vigo

Asdo.: Mercedes Santalla Felgueiras